

# VIDEOTITORIAS DE SCHOOLGY.

## PARTE 1

### 1. Crear unha conta en Schoology

Neste primeiro videotutorial imos ver como crear unha conta en Schoology. A páxina principal de Schoology é <https://www.schoology.com/>.

Convén que dispoñades dunha conta de correo separada da vosa persoal e, de ser posible, da vosa profesional, porque para rexistrarnos en Schoology imos necesitar achegar unha conta de correo. A esa conta chegarán as actualizacións, avisos de novos membros, etc. Por iso non é recomendable mesturalas coas contas que usamos habitualmente, xa que se supón que imos crear unha conta en Schoology de proba.

Recomendamos non crear unha conta xa para uso definitivo –no caso de querer usala na vosa aula– porque imos facer moitos “experimentos” con ela. Xa cando acabedes o curso e saibades usar polo menos a nivel básico Schoology, poderedes cancelar a conta de proba e crear a vosa de traballo real.

Nesta primeira parte, cando arredor do minuto 4.30, vos ofrezca a posibilidade de agregar un centro educativo, saltade o paso. **Non engadades o voso centro educativo real** –se é que estades exercendo nun—porque estamos traballando cunha proba. Xa máis adiante vos ofreceremos a oportunidade de agregar un centro ficticio.

<https://youtu.be/ewTn16yekks>

## 2. Crear un curso en Schoology

Antes de comenzar con esta parte recomendamos que teñades preparado o seguinte:

- Un nome para o curso que queiramos crear (Historia, Xeografía, Literatura, ou calquera outra materia real ou ficticia que vos apeteza. A fin de contas é só unha proba).
- Unha imaxe para cargar como “perfil” do curso que imos crear. Calquera imaxe relacionada coa materia pode valer. Se por exemplo o voso curso é de Historia, podedes buscar en Google Imaxes calquera foto que poida ilustrar a páxina do curso. É simplemente para facer unha proba. Non é necesario “esmerarse” moito.

<https://youtu.be/gI8wT-rPxYo>

### 3. Agregar alumnado ao curso


Nesta parte imos agregar alumnado de proba para poder seguir experimentando as distintas opcións de Schoology. Polo tanto, pensade no nome e un apelido de cando menos catro alumnos e alumnas (ou máis). Moi importante: para esta conta de proba na que estamos traballando, á hora de agregar o alumnado, cando piden (ao alumno ou alumna) a data de nacemento **non poñades menores de 13 anos**, porque iso vai complicar despois o funcionamento desta conta de proba que creastes. Polo tanto, cando arredor do minuto 5, o vídeo indica ao suposto alumno ou alumna que introduza a súa data de nacemento, poñede calquera anterior ao ano 2003 para evitar problemas. A modo de exemplo, create unha táboa similar a esta:

Nome	Apelido	Nome de usuario	Contrasinal	Data de nacemento
Mario	Castro	mariocastro	redesociais	Xullo-02-2000
Xiana	Gaioso	xianagaioso	redesociais	xullo-03-2000
Xurxo	Montouto	xurxomontouto	redesociais	xullo-04-2000
Nerea	Lugrís	nerealugris	redesociais	xullo-05-2000

É dicir, tede listos os nomes e apelidos de cando menos 4 alumnos e alumnas. O nome de usuario recoméndovos que sexa o nome e apelido xuntos, sen espazos. O contrasinal algún sinxelo que lembredes, igual para todos. E a data de nacemento, calquera, pero arredor do ano 2000-2001 para evitarnos problemas.

Vedes que no vídeo se explica que se non temos asignado un centro educativo, á hora de rexistrarse o alumnado para agregarse a un curso, vai ter que poñer obrigatoriamente un correo electrónico. Para evitarnos isto, agregade á vosa conta un centro ficticio cos datos e instrucións que vos sinalo aquí:

- Na parte superior dereita da vosa páxina principal de Schoology, pinchade na frechiña ao lado do voso nome. No desplegable elixide a primeira opción: *Selecione sua escola*.



- Na seguinte pantalla que vos aparece, elixide *País: Spain; Cidade: A Coruña; Escola: 15007* (é o código postal). Pinchades na lupa e aparecen tres opcións. Tedes que escoller *Centro Sagrada Familia*. **Olló!: non escollades Colegio Sagrada Familia**, porque ese é un centro real. Nós traballaremos con este centro ficticio que conseguimos crear ex profeso para este curso: *Centro Sagrada Familia*.

✔ **Obrigado por se registrar!**

**Onde você ensina?**

País: \* Spain

Cidade: A Coruña

Escola: \* 15007

Centro Sagrada Familia  
A Coruña,

Colegio Sagrada Familia  
A Coruña,

Não está listado? [Solicitar para adicionar sua escola](#)


Ignorar esta etapa

E con isto xa temos asignado un centro na nosa conta e polo tanto á hora de agregar alumnado xa non lles vai esixir un correo electrónico.

Polo tanto, logo de visionar o videotutorial e antes de comezar a agregar ao voso alumnado de proba, seguíde estes pasos:

- Asignade á vosa conta o *Centro Sagrada Familia* (repetimos: **NON o Colegio Sagrada Familia**).
- Tede preparada unha relación de polo menos 4 alumnos e alumnas con: Nome, apelido, nome de usuario, contrasinal e data de nacemento.
- Para facilitar o traballo posterior, mellor que os catro alumnos teñan o mesmo contrasinal, sinxelo, porque é só para facer probas.
- **A data de nacemento, para evitar confusións, poñédea para todos no ano 2000 ou 2001.** Así evitamos o risco de ingresar alumnado menor de 13 anos.

Seguramente estaredes preguntándovos se á hora de traballar con Schoology de forma real, non poderedes incluír alumnado menor de 13 anos. A resposta é que si. Pero Schoology, para garantir a seguridade dos menores desta idade (a idade legal para acceder a contas en redes sociais en Estados Unidos), esixe ao profesorado que vai traballar con estas idades, que verifiquen a súa conta. Dispón dunha [páxina onde explica os pasos a seguir](#). Basicamente o que vai solicitar, unha vez se sigan estes pasos, é cumprimentar un formulario como este:



**SCHOOLGY TEACHER NOTICE AND VERIFICATION**

In order to complete your registration and activate your Schoology teacher's account, we need to confirm that you are a teacher and that you understand that you have certain responsibilities as a teacher using the Schoology platform.

In particular, by signing and submitting this form, you acknowledge and agree that:

- You are a teacher employed at an educational institution and at least 18 years of age.
- You or your school will provide notice and obtain verifiable parental consent from parents of children under the age of 13 before allowing those students to access Schoology.
- You must exercise care with respect to your Schoology access code, ensuring that you keep it private and do not give it to anyone else.
- Allowing your students to access third-party apps through the App Center may mean that different privacy practices apply and you should consider the privacy policies of the third-party apps before deciding to permit your students to use them.
- If you determine that a student under the age of 13 has provided personal information to Schoology or a third-party app available in the App Center without proper parental consent, you must contact us promptly at [help@schoology.com](mailto:help@schoology.com).
- You have read, understand, and will abide by the Schoology Privacy Policy & Terms of Use, available at <https://www.schoology.com/privacy.php>.

Name: \_\_\_\_\_

Signature: \_\_\_\_\_

Date: \_\_\_\_\_

115 W. 30<sup>th</sup> Street, 10<sup>th</sup> Floor, New York, NY 10001 1-800.393.7550 [Schoology.com](https://www.schoology.com)

Polo tanto, xa que durante este curso estamos traballando con alumnado ficticio e cun centro ficticio, non sigades estes pasos agora. Continuaremos traballando co noso “alumnado” de proba de 16-17 anos.

Lembrade que logo, unha vez introducidos os alumnos no curso, se queremos entrar en vez de como profesor como alumno en Schoology, ademais do nome de usuario e contrasinal nos vai preguntar o centro escolar. Nese caso abonda con introducir o código postal 15007 e no despregable xa nos aparecerá *Centro Sagrada Familia*. Lembramos: non confundades con *Colegio Sagrada Familia*.

[https://youtu.be/DE1xdR\\_uQKk](https://youtu.be/DE1xdR_uQKk)

## 4. Crear actualizacións nos cursos

Para ese videotutorial, damos por suposto que xa tedes asignados ao voso curso cando menos catro alumnos e alumnas.

Para facer esta práctica, é recomendable que teñades preparado:

- Un par de enlaces a páxinas de Internet sobre a materia do curso.
- Un enlace a un vídeo de Youtube.

Por suposto, se vos atrevedes (non é complicado), podedes engadir máis de unha actualización, variando contidos, inserindo en lugar de vídeos enlaces a páxinas, incluíndo documentos... Non está mal que exploredes as distintas opcións que nos ofrece a páxina de actualizacións. Non vos preocupedes: estamos nun curso de proba e non imos “romper” nada!!

<https://youtu.be/rxsSTwXnk7g>

## 5. Crear eventos nun curso

Neste videotutorial imos crear eventos no calendario. Hai que ter claro que os eventos se crean para un curso concreto, polo que hai que facelo desde o curso ao que afecten.

Poden ser eventos cunha duración de un só día (un exame, por exemplo) ou cunha data de inicio e de final (unha excursión de varios días, un período de realización dun traballo, etc.)

<https://youtu.be/uCBgXxs-jQM>

## 6. Engadir materiais a un curso

Para realizar esta práctica convén que teñades preparado o seguinte material:

- Un arquivo (formato pdf ou doc, non importa contido) para facer a proba de subir material a unha carpeta do curso
- Catro imaxes para crear un álbum multimedia dentro da carpeta do curso.

[https://youtu.be/f9j606HAW\\_w](https://youtu.be/f9j606HAW_w)



## 7. Usar a gamificación

O que imos aprender nesta parte é algo moi sinxelo pero que é posible que moitos de vós non desexedes usar: as “medallas” ou “trofeos”. De calquera xeito, xa que é unha posibilidade que nos ofrece Schoology, imos ver o seu funcionamento. Quizais podades adoptar esta función para outro obxectivo.

<https://youtu.be/J8Zdwgsoskl>

## 8. Controlar a asistencia

Esta é unha función moi sinxela de usar, e que nos permite marcar para cada alumno e alumna as incidencias referidas á asistencia: asistiu á clase, non asistiu, chegou tarde ou é unha falta xustificada.

<https://youtu.be/GzPshAVV97Q>